



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Abril 2019

REHABILITACIÓN E CULTURA

O Consorcio de Santiago celebra o seu Consello de Administración e Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago, que vén de celebrar o seu Consello de Administración e Comisión Executiva, destinará este ano 3.659.704,44 € á rehabilitación e restauración de inmobles de valor histórico e patrimonial. Ademais, aprobáronse subvencións para o novo proxecto expositivo do Museo do Pobo Galego e para o Programa ConCienxia da USC. E avanzouse na proposta cultural para o Xacobeo 2021 “Imaxinando Compostela”. Por outro lado, deuse conta do convenio co Concello de Santiago para a cesión, en réxime de comodato, das obras do legado do pintor Carlos Maside. Prevese que a exposición se abra ao público o vindeiro mes de maio no espazo coñecido como Comedor do Colexio de Fonseca, da Universidade de Santiago.



PUBLICACIÓNS

Reúnese a obra xornalística do intelectual galego Victoriano García Martí

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora publicaron *Victoriano García Martí. Por los caminos del siglo XX. Obra periodística olvidada (1914-1963)* de Victoriano García Martí, unha recompilación de artigos do intelectual galego realizada pola profesora da USC Arantxa Fuentes. Pensador europeísta e avanzado, é unha figura esquecida pola historia da literatura e do pensamento. Abordou aspectos como o valor do turismo, a reordenación dos órganos culturais, a defensa da liberdade dos pobos ou o feminismo.



MÚSICA

A RFG pecha a súa temporada de abono coa estrea en España de “A balada do cárcere de Reading” de J. Rathbone



O actor Luis Iglesia será o narrador no concerto de fin de temporada

A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá seis concertos en maio. O día 9 en Vigo e o 10 en Santiago, Wayne Marshall dirixirá a RFG e interpretará *o Concerto para piano* de G. Gershwin. O 23 en Santiago e o 24 en Lugo Nicolas Altstaedt será o encargado de dirixir o programa “Sendeiros de Gloria”, no que ademais tocará *o Concerto para violoncello nº 1* de Shostakóvich.

O broche final da temporada será o 29 de maio en Santiago e o 30 en Ferrol. Paul Daniel dirixirá un programa que inclúe a estrea en España de *A balada do cárcere de Reading* de J. Rathbone e no que se contará cun coro feminino do Orfeón Terra A Nosa. Está inspirada no poema homónimo que Oscar Wilde escribiu tras saír de prisión, e que será interpretado en galego polo actor Luis Iglesia.

Clases maxistras na EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais contará en maio con recoñecidos solistas, que impartirán clases maxistras tanto a alumnos do centro como a músicos externos. Os días 2 e 3 estará o oboísta Stefan Schilli, o día 3 estará tamén o violoncellista Ángel Luis Quintana, e o 9 e o 10 o profesor convidado será o clarinetista Yehuda Gilad.



O clarinetista Yehuda Gilad impartirá clases na EAEM